6.- PUBLICIDADE DOS TRABALLOS E DEREITOS: Coa entrega dos traballos cédese o dereito a darlles publicidade e de seren amosados nas páxinas web da Fundación Carlos Casares e do Concello de Xinzo de Limia, así como nos espazos físicos desas entidades se se dá o caso.

O autor ou autora da obra é o único responsable do que nela se inclúa. Os organizadores declinan toda a responsabilidade legal sobre o seu contido.

A participación neste concurso supón a plena aceptación destas bases. Ante calquera dúbida, prevalecerá a opinión do xurado. Salvo petición por escrito, non se devolverán os traballos presentados, que quedarán recollidos no arquivo da Fundación Carlos Casares. O Concello de Xinzo e a Fundación Carlos Casares reservan o dereito, nun futuro, da publicación das obras gañadoras nas distintas edicións, previa petición formal aos gañadores.

Xinzo de Limia, 7 de abril de 2018

CONCURSO "O 50 CUMPREANOS D´*A GALIÑA AZUL*"

Ilustra unha das historias do conto de Casares e gaña un premio

CONVOCATORIA_____> A obra de Carlos Casares *A galiña azul* cumpre 50 anos. O libro, publicado pola editorial Galaxia en 1968, foi ilustrado por catro nenos e nenas (Trichi, Alberto, Mima e Ilda), fillos de Ricardo García Suárez (Xohán Ledo) e María do Carme Alonso Dacuña.

Para celebrar este feliz evento, o Concello de Xinzo de Limia e a Fundación Carlos Casares convocan este concurso para engalanar a nosa querida amiga e os seus compañeiros de aventuras (Leoncio, Ana, a formiga esquiadora, Lorenzo…) e convidan a todos os nenos e nenas dos centros escolares da Limia para que presenten ilustracións que reflictan alguna das historias que aparecen no famoso libro.

BASES_____>

1. **DESTINATARIOS E CATEGORÍA:** Alumnado dos centros escolares da comarca da Limia en dúas categorías de idade:
    a. PRIMARIA: Participantes de 6 a 11 anos de idade.
    b. SECUNDARIA: Participantes de 12 a 15 anos de idade.

2. **FINALIDADE E FORMATO:** A finalidade do concurso é ilustrar algunha das pasaxes ou historias que aparecen na obra *A galiña azul*.
   O formato da ilustración será en DIN A4 ou tamaño folio, en papel ou cartolina, con calquera técnica artística que conforme a ilustración (pintura, collage, debuxo…). As obras serán orixinais, en lingua galega e non premiadas anteriormente noutros concursos.

3. **MODO DE ENVÍO E PRAZO DE RECEPCIÓN:** A convocatoria estará aberta do 9 de abril ao 8 de maio de 2018.
   As obras deberán remitirse á Casa da Cultura de Xinzo de Limia, nun sobre grande no que figure por fóra o título da obra e o nome do concurso. No interior, ademais da obra, un sobre pechado, no que figurarán os seguintes datos identificativos:
    a. Nome completo e idade da persoa participante
    b. Título da obra
    c. Enderezo e teléfono de contacto do pai, nai ou titor da persoa participante.

   Ou ben, se se prefire, pode escanearse e remitirse a obra ao seguinte email: fundacioncarloscasares@gmail.com. Xunto coa obra deberán achegarse os datos identificativos que se solicitan para a entrega física.

4. **XURADO E CRITERIOS DE VALORACIÓN:** O xurado estará composto por:
    a. O alcalde de Xinzo de Limia ou persoa en quen delegue.
    b. O presidente da Fundación Carlos Casares ou persoa en que delegue.
    c. O pintor Antón Pulido.
    d. Dúas profesoras de debuxo de centros escolares da Limia

   Premiarase a creatividade, a orixinalidade, o equilibrio e composición dos traballos e os recursos técnicos empregados. O premio non poderá ser declarado deserto.

5. **PREMIOS**: Para cada unha das dúas categorías de idade establécense os seguintes recoñecementos:
    a. Primeiro premio: consistente nunha medalla, un diploma e un lote de libros.
    b. Segundo premio: consistente nunha medalla, un diploma e un lote de libros.

   O premio fallarase o sábado 17 de maio de 2018 nun acto celebrado na Casa da Cultura de Xinzo de Limia.